

## DECLARACIÓN DE VONTADE INDIVIDUAL

No cemiterio de San Mamede de Momán, no concello de Xermade, a 17 de decembro de 2024, COMPARECE D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ perante **D. Roberto García Pernas**, alcalde do concello de Xermade (Lugo) e **D<sup>a</sup>. Cristina Varela García**, representante da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia (**AFNLG**) para participar na iniciativa **EN GALEGO, AGORA E SEMPRE**, unha proposta de reafirmación da galegitude fronte ao momento máis transcendente da vida, o da morte, e asemade asinar a manda de protección do legado cultural e lingüístico de Galicia.

Entendendo que a normalización lingüística debe abranxer todos os eidos da existencia dos galegos e galegas, mesmo aqueles que arrodean o intre da extinción da persoa; que o exercicio da galegitude e o compromiso individual coa terra e coa lingua debe ser continuado e sen desfalecemento ata a mesma morte; que sendo consciente da enorme perda de identidade cultural e histórica, incluso das contradicións e incongruencias que acontecen en todo o relacionado cos actos fúnebres, onde paradoxicamente a persoa xa desaparecida semella renegar de todo aquilo canto defendeu, empregou e aproveitou en vida, caso da lingua nai,

### DECLARO:

- Que a lingua galega é a miña lingua, a lingua do pobo ao que considero pertencer e é a lingua que quero que me acompañe ata o derradeiro día da miña existencia.
- Que chegada a hora do meu pasamento, quero que todo o relativo as miñas exequias se realice exclusivamente en lingua galega e polo tanto, pídolle a miña familia, ás autoridades relixiosas e civís e aos servizos funerarios que fagan en lingua galega canto teñan que facer, público ou privado, oral ou por escrito.
- Que se terceiras persoas, sexan da miña familia ou autoridades relixiosas e/ou civís, tentasen impedir a realización desta miña derradeira vontade, pido a calquera outro familiar ou amigo que tivera coñecemento deste meu desexo, que tome todas as medidas necesarias para facelo cumprir.
- Que os meus herdeiros reciban como legado o patrimonio cultural recibido e llelo transmitan aos seus, para que deste xeito perviva para sempre nas xeracións vindeiras, respectándoo e defendéndoo ante as adversidades que o puidesen ameazar.

Asdo. \_\_\_\_\_

